


IES ALEXANDRE BÓVEDA

**Benigno Nerga Piñeiro.
Santiago 30-10-2010**



- Actividades voluntarias e sen necesidade de inscrición.
- Primeira idea: facer visibles a lectores e lectoras.
- Comezamos co libro do mes, única actividade de lectura. Concurso de preguntas sobre o libro.
- Arredor dela: ilustracións, xogos cos libros como "a biblioteca de chocolate", vídeos, etc.
- Primeiras lecturas públicas: poesía nos recreos para animar á participación no certame de cartas de amor.

Libro do mes de Novembro - Decembro



Participa no concurso da biblioteca
O LIBRO DO MES


Ti podes ser o lector/a que estamos buscando. Este pode ser o libro que ti andas buscando. Este pode ser o libro que te anda buscando e que pode atraparte

Libro do mes de Xaneiro - Febreiro

Lectores

e


Ilustradores




DOUS IRMÁNS viven co seu pai nunha casa totalmente arredados do mundo exterior. Fóra hai unha ameaza para todos eles que só seu pai coñece. Un día o seu encerro vese alterado, e o seu pai advírtelles: “Maxinade que a vosa sombra se separa de vós e toma vida de seu. Maxinade que a imaxe do espello toma vida propia e actúa pola súa conta. Ha chegar un momento no que teñades dificultades”.

Disfruta da aventura de ler e despois imponte o reto de concursar demostrando as túas dotes memorísticas ou as túas habilidades como debuxante

LIBRO DO MES DE FEBREIRO -MARZO




Para lectores e ilustradores
VINDE A ESTA NOVA AVENTURA



NON PODERÁS PARAR DE LER
RESERVA OS TEUS "VAQUEROS"
na túa biblioteca favorita


LIBRO DO MES

Marzo-Abril



1º CICLO ESO

LE ESTE LIBRO
NON TE QUEDES NO TÚNEL
E fai unha ilustración



La Tuneladora



Un profesor metido a detective

Un enxeñeiro do metro desaparecido

TERROR e INTRIGA policiaca para resolver o misterio



LIBRO DO MES DE FEBREIRO


NOITE DE VORACES SOMBRAS

de

Agustín Fernández Paz

PARTICIPA, NON TEÑAS MEDO.

Unha moza de dezaseis anos de vacacións nun cuarto cunha presenza fantasmal. Cartas, fotos e unha biblioteca onde descubre unha historia de amor durante a GUERRA CIVIL e a postguerra. Unha novela sobre a memoria dos soños rotos pola guerra, polo exilio e a distancia, na que a ILLA de SAN SIMÓN xoga un importante papel.



Libro de Outubro

Participa no concurso

1º / 2º ESO



Charlie e a fábrica de chocolate

Roald Dahl

Ilustracións de Quentin Blake



O señor Willy Wonka, o xenio da fabricación de lambonadas, agachou cinco billetes dourados nos envoltorios das súas chokolatinas.

Os que dean con eles poderán visitar a súa misteriosa fábrica, onde se elaboran as lambetadas máis sabedeiras que se poida imaxinar: xeados que nunca se derreten, caramelos eternos que non se desgastan, chicles que nunca perden o sabor...

Charlie Bucket atopará un dos billetes máxicos e será un dos rapaces afortunados que entren na fábrica das maravillosas lambetadas. Esta será unha visita que mudará a súa vida para sempre.

www.roalddahl.com

A BIBLIOTECA DE CHOCOLATE

Billetes dourados dentro dos libros

Con motivo da lectura de "Charlie e a fábrica de chocolate", o señor Wonka, Dono da fábrica, deixou na biblioteca, onte pola tarde, este escrito:

BOLETIN DA TARDE

O señor Willy Wonka, o xenio da fabricación de lambonadas, a quen ningún viu nestes últimos dez anos, publica hoxe a seguinte noticia:

Eu, Willy Wonka, decido permitir que algun raposo, un gato e un perro, poidan entrar na biblioteca de agora en diante de cada día. En cada libro de libros deixarei agochados cinco billetes dourados. O primeiro aparecerá no primeiro libro de cada día. En segundo día aparecerá no segundo libro que se abra, e así sucesivamente. Espere un día e se atopar un billete, adivinade que libro se abrirá. O billete conterá o nome do libro que se abrirá, e se atopar un billete, adivinade que libro se abrirá. Así que para saber que libro se abrirá, adivinade que libro se abrirá. (Tradución: WOL, 1984)



A BIBLIOTECA DE CHOCOLATE

Billetes dourados dentro dos libros

Con motivo da lectura de "Charlie e a fábrica de chocolate", o señor Wonka, Dono da fábrica, deixou na biblioteca, onte pola tarde, este escrito:

BOLETIN DA TARDE

O señor Willy Wonka, o xenio da fabricación de lambonadas, a quen ningún viu nestes últimos dez anos, publica hoxe a seguinte noticia:

Eu, Willy Wonka, decido permitir que algun raposo, un gato e un perro, poidan entrar na biblioteca de agora en diante de cada día. En cada libro de libros deixarei agochados cinco billetes dourados. O primeiro aparecerá no primeiro libro de cada día. En segundo día aparecerá no segundo libro que se abra, e así sucesivamente. Espere un día e se atopar un billete, adivinade que libro se abrirá. O billete conterá o nome do libro que se abrirá, e se atopar un billete, adivinade que libro se abrirá. Así que para saber que libro se abrirá, adivinade que libro se abrirá. (Tradución: WOL, 1984)



A BIBLIOTECA ENIGMÁTICA

Os protagonistas de "El Señor de los Ladrones" teñen que resolver un misterioso enigma relacionado cun animal fantástico. Nalgúns dos libros desta biblioteca están agachados uns enigmas sobre seres mitolóxicos que ti debes resolver. Se o consigues e lle demostras ó bibliotecario que leches o libro no que atopaches o enigma, recibirás un premio.

DESCRIBE QUE SERES MITOLÓXICOS SE AGACHAN
NOS ENIGMAS.

DEMOSTRA QUE LECHES O LIBRO NO QUE ESTÁ O
ENIGMA.


GAÑA FABULOSOS PREMIOS

LIBRO DO MES MARZO-ABRIL

O NENO DO PIXAMA A RAIAS


de

JOHN BOYNE



Traducido a máis de 20 idiomas, unha lectura que non te podes perder.

Colle un folleto explicativo na entrada do insti.



PARTICIPA NO CONCURSO DA BIBLIO.

A pedimento do autor, non podemos contarche o miolo deste libro. Porén, queremos avisarche de que lerás a historia dun neno de nove anos que se atopará cun aramado. No mundo hai milleiros de aramados coma este. Agardamos que ti nunca te apopes con ningún e que, se o fas, teñas forzas para librarte del.


Para todos os cursos

LIBRO DO MES DE MAIO

Para todos VIAXE Ó CENTRO DA TERRA



de Xulio
Verne




PARTICIPA, ÚLTIMO LIBRO DO MES.

Clásico de Verne que conxuga a imaxinación e a ciencia. Un profesor alemán atopa a clave para chegar ó centro da terra. Unha viaxe de exploración e iniciación. **Un fantástico libro de aventuras.**

LIBRO DO MES OUTUBRO-NOVEMBRO

A negrura do mar de Ramón Caride

A última aventura de Said e Sheila, onde tamén terás datos das súas primeiras andanzas e da súa primeira intervención en asuntos biotecnolóxicos.




PARTICIPA NO CONCURSO DA BIBLIO.

Ano 2076. Said e Sheila viaxan ao Océano Atlántico con motivo dunha alarma Medioambiental. Atoparán indicios dunha marea negra que os remontará ao ano 2002 Cando naquelas costas naufragou o petroleiro *prestige*.

Para a ESO. Apúntate na biblio



LIBRO DO MES DECEMBRO-XANEIRO



En busca de las
voces perdidas

JORDI SIERRA I FABRA

Ilustraciones ALBERT ALFORCEA



 Camaleón


En busca de las voces perdidas

Jordi Sierra i Fabra



2ª OPORTUNIDADE PARA CONSEGUIR BIBLIOPUNTOS

Imaxina que no teu reino ninguén sabe falar.
Imaxina que ti atopas os sonidos. Imaxina
que acompañas ao ferreiro Alphabet na busca dos signos para repre-
sentar sonidos. Vive esta fermosa fábula sobre a invención da linguaxe
escrita. Atopa os símbolos que che faltan.



Para 1º ciclo ESO. Pídeo na biblio

Nova actividade da biblioteca

O LIBRO DO TRIMESTRE

Concurso, debates, clube de lectura, charlas, etc...

Para 2º ciclo e bacharelato

Este trimestre *La Última Legión*
de Valerio Massimo Manfredi

Realizaranse diversas actividades en torno a este libro.
Infórmate na biblioteca

Desta actividade, derivada do libro do mes, naceu o actual club de lectura




CLUB DE LECTURA

ESTE TRIMESTRE

UN MUNDO FELIZ

de
Aldous Huxley



*Disfruta con nós
Da lectura deste
clásico do século XX*

*Ciencia-ficción,
utopía,
Ironía,
Realidade?*

Participa nos nosos colóquios (non é necesario ter todo o libro lido)

Primeira reunión Luns 5 de Febreiro ás 18'30 h.

Paralelamente van xurdindo colaboracións para a promoción da lectura e as lecturas públicas mediante proxectos que se expoñen a diferentes grupos

-Por parte do profesorado:

Proxecto sobre o Diario de Ana Frank.

-Por parte do alumnado:

Promoción dos libros do mes (vídeos)

hog wet een kans


om naa plywood be

KOMEN

Frank

dia z

ammec



[VIDEO](#)

Lecturas públicas e rutas literarias

- Club de lectura colabora sempre nas lecturas.
- Profesorado: prepara aos voluntarios, selecciona textos e acude aos recitais cos seus grupos.
- Lecturas por temas: Samaín, Día da Poesía, Letras Galegas, Dereitos Humanos...
- Recitais: cos autores e o apoio de vídeos preparados pola biblioteca ou polo alumnado do club.
- Patrullas lectoras polas aulas e recitais con autores: a cargo do club de lectura.

Samain 2006





Día da poesía 2007

- Día da poesía 2009:
 - Preparamos vídeos con poesía galega musicada, tratando de facer un percorrido pola historia da poesía galega.
 - Fixemos sesións musicais na biblioteca
 - Martín Codax, Bernal de Bonaval, Airas Núñez, Francisco Añón, Rosalía, Curros, Cunqueiro, Celso Emilio, Lois Pereiro e [Bernardino Graña](#).



Lecturas públicas

Letras galegas





Letras 2010

- Leron os textos que tiñan seleccionados, maioritariamente de Uxío Novoneyra, pero tamén de Rosalía, Celso Emilio, Suso de Toro e outros autores. Tamén houbo quen leu textos de creación propia.
- Intercalados coas lecturas proxectáronse vídeos do Día da Poesía do ano anterior.
- Maior participación do profesorado, preparando lecturas por temas (nas clases de ciencias escolleron poemas de Uxío sobre a natureza e paisaxe).



Lecturas polas aulas

Panxoliñas





Recital de Asun Estévez co club

- Empezamos a celebrar o día da poesía 2009 cun recital para os máis maiores.
- Poesía recitada pola autora, con acompañamento de piano, e polos membros do club de lectura, que prepararon **power point con música** e que eles recitaron.

Rutas literarias

- Concibimos a realización da ruta como un premio para os mozos e mozas do club, pero tamén como unha maneira de distinguilos, de facer máis visibles a lectores e lectoras.
- Tamén buscabamos achegar a obra dos autores aos lugares que forman parte da súa vida e que os inspiraron. Pretendemos que visualicen as palabras que len entrando en contacto físico con elas.
- Os rapaces , metidos nese mundo captan mellor o sentimento ou emoción que transmite a obra (en Bastavales perciben mellor as badaladas das campás e as soidades que transmite o poema dende a distancia e as alturas. No cemiterio leuse o poema sobre Adina, lugar onde quería ser e foi enterrada, de xeito que captaron mellor o silencio e a soidade que evoca o lugar).
- Faise unha sesión previa onde seleccionamos e comentamos os poemas que se van ler.



Ruta 2008

- **Santiago**: Tumba no Panteón de Galegos Ilustres. Poemas: "Adios", de Rosalía e "A Rosalía", de Curros.
- **San Xoan de Ortoño** (infancia), no adro da igrexa lemos o poema "Acolá enriba".
- **San Xulián de Bastavales** (residencia esporádica na aldea de Soigrex). Alí lemos "Campanas de Bastavales".
- **Padrón**: Pazo de Arretén (casa da familia materna, a Casa Grande, como aparece nos seus versos). Poema "O Pazo de Arretén".
- **Padrón**: Casa da Matanza (na que morreu en 1885). Tras visitar a Casa Museo, diante dela lemos os poemas "Daquelas...", "¡Follas novas!", "Unha vez tiven un cravo", "¡Padrón...! ¡Padrón!" e "Como chove miudiño" (destinado a ser lido en Lestrove).
- **Iria Flavia**: Cemiterio de Adina.

D. O. M.
PRA ETERNA MEMORIA.
GALICIA,
FIXO FACER POR SVSCRIPCION NACIONAL
ESTE MOIMENTO,
ONDE DESCANSA NA PAZ DO SEÑOR
A QUE FOI GRORIA DA SVA PATRIA
SENORA DOÑA ROSALIA CASTRO DE MVRGVIA.
FINOV EN IRIA NO 15 DE JULIO
DO ANO DE 1885.

OMEZO A SVSCRIPCION A COLOMIA GALEGA EN CVRA-PO-LOS
DADOS DA UNIVERSIDADE ECONOMICA DE SANTIAGO, DOVELLE CIMA.
San Lorenzo, José Compañero
1988





Ruta 2009



- A mesma ruta do ano anterior, pero en sentido inverso
- Maior participación: colaboración con Normalización
- O alumnado seleccionou tamén os seus poemas



O CONCELLO
DE
PADRON
A ROSALIA

RIO

NTO

1985







CHI
MARIA GU...
WOLFGANG...

London
THE...

CU U
2011

UNIVERSITY
2011

- Observamos maior implicación, seriedade, solemnidade e respecto do alumnado que acude a isto, polo cal decidimos seguir.
- Aproveitando que as Letras Galegas se dedicaban a Novoneyra, planificamos unha ruta polo Caurel.

- Nas semanas anteriores os rapaces e rapazas do club dispuxeron dos exemplares de *Os eidos*.
- Os poemas agrupámoslos en bloques temáticos: natureza, paisaxe, familia e poemas sociais e políticos.
- Nunha sesión do club falamos, por exemplo, da relación entre a chuvia e os soños, da melancolía do outono, da grandeza da paisaxe fronte á pequenez do home, da soidade e o paso do tempo, da capacidade de asombro ante a magnificencia da Serra, dos fillos que son o futuro e das acusacións contra o poder que se fan na poesía de Novoneyra.
- Confeccionouse unha guía dos lugares a visitar

① - Chuviz...

Relación íntima: - chuviz / suñs
/ beleza = melancolía
do
autono

- caída de tarde
↳ perda dos suñs
↳ amesto de dur

- educación p/ a chuviz
= inherente ao ser galego

② - Paisaxe: COUREL

- grandezas de paisaxe - referencia do
home

- soledade do ser humano /
existencial de paisaxe

- paso do tempo

- brasa de soledade

- asombro ante a magnificencia
de seres

③ - Populares:

- Musicalidade

- Xogo fantasmagórico

- Temor - río

④ - Familiar:

- fillos que son o futuro que
mantén o pasado.

⑤ - Poder:

- baixos (debiés) que acusan

- dedicacións: Chile

- gran cidade: perder o futuro,
ausencia de esperanza dos mozos

- Galicia: - xeración solidaria?

↳ Galicia liberada?

- educación ó poder: "is que así se fan"

Ruta 2010

COUSOS do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
Onde ninguén foi nin ha d'ir!
O lobo! Os ollos o lombo do lobo!
Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...
Rastrex
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca.

Viaxe ao Courel no ano do poeta
Clube de lectura do IES A. Bóveda
Maio 2010



Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.
Uxío Novoneyra

Pregamento xeolóxico de Campodola e Leixazós

Un pregamento xeolóxico é unha ondulación das capas superiores provocada polo movemento das capas máis profundas da terra, en constante movemento. Nun proceso de millóns de anos, estes movementos do interior da terra poden modelar a paisaxe cambiando a súa fisionomía. O resultado é o mesmo que o creado nun mantel ao pasar a man sobre el.

O pregamento de Campodola e Leixazós figura como Punto de Interese de rango internacional desde 1983 non só pola espectacularidade desta formación xeolóxica, senón tamén pola súa rareza, xa que é un pregamento de tipo deitado. É dicir trátase dunha superposición dun pregue sobre outro deitándose sobre o terreo e quedando na horizontal.

Un dos elementos singulares deste pregamento é que neste lugar a estrutura pódese ver, non está oculta baixo o terreo, invisible aos nosos ollos. É iso a causa da erosión que o agora pequeno río Ferreiriño protagonizou durante milenios e que formou un profundo corte transversal no terreo, permitíndonos ver na actualidade as distintas capas de material rochoso que quedarían, doutra maneira, ocultas.



As ferrarias do Courel

As ferrarias do Courel tiveron unha gran importancia industrial e económica desde o século XVI ata finais do século XIX. Nestas montañas chegaron a funcionar 25. Ademais das ferrarias destinadas a fundir o ferro e convertilo en lingotes existía o mazo que se encargaba de labralos. Por outro lado, as ferrarias daban orixe as fraguas onde se facían todo tipo de pezas e ferreamentas. Por termo medio unha ferraria daba traballo a unhas cen persoas de forma directa e ademais estaba os que preparaban o carbón vexetal e os que se adicaban ao transporte dos produtos.



A ferraría de Savane é a máis monumental de Galicia, sobre todo pola altura do banzado, que remata cunhas enormes lousas de ata seis metros cadrados de superficie. O rebordadoiro de auga sobrante queda a case dez metros de altitude. O edificio consérvase en moi bo estado presentando no seu interior un martelo de 375 quilos e dous foles movidos por rodas enormes, as cales fan xirar un eixo de madeira de carballo de case un metro de diámetro e oito metros de longo. O conxunto etnográfico complétase cun muíño.

O castelo de Carbedo



Malia o seu estado ruinoso, o castelo de Carbedo constitúen un dos mellores exemplos de arquitectura militar no Courel. Foi construído enriba dun castro entre os cumios do monte Campelo e do monte Cido. O valor estratéxico da súa situación foi decisivo tanto na Idade Media como na Antigüedad, xa que desde a súa atalaia pódese dominar parte do río Lor e os antigos camiños do Courel, que formaban parte da ruta comercial entre Bierzo e Galicia.

O castelo é descrito xa polo licenciado Molina no ano 1550 baixo a denominación de fortaleza do Courel. Pertenceu a don Nuño Peláez que o doou á Orde de Santiago, dominante na comarca durante aquela época.

A construción medieval borrou cse todas as pegadas do castro, pero este pode intuírse baixo o asentamento da fortaleza, que aínda conserva varios muros, parte dunha torre circular de lousa e restos da súa planta.

Parada



Parada é unha aldea que se atopa aos pés do val de Rogueira, a gran xoia ecolóxica dos monte do Courel. A aldea é engulida polo souto de castiñeiros que a rodea. Aquí naceu Uxío Novoneyra no ano 1930, no seo dunha familia labrega acomodada. Novoneyra pasa a mocidade envolto nas brétemas da posguerra e os crimes da ditadura.

Inmerso neste ambiente tristeiro, Uxío preséntanos unha poesía paisaxística case máxica. Voltando a súa aldea, nesta aínda permanece en pé o que foi a escola, xusto na entrada. Na parte esquerda da aldea sitúase o lavadeiro que é unha das obras de arte rural mellor conservada do Courel.

A devesa da Rogueira

A devesa da Rogueira é unha das xoias botánicas de Galicia. Situada na aba do monte Formigueiros, este bosque esténdese desde os 750 aos 1400 metros de altitude e ten forma de anfiteatro orientado cara o noroeste. No seu chan sucédense solos louseiros, cuarcíferos e calcarios, o que unido a súa situación xeográfica, a medio camiño entre as influencias climáticas atlántica e mediterránea, dá lugar a unha extraordinaria diversidade vexetal. As diferentes formacións arbóreas alternan en altitude, substituíndose unhas a outras: na franxa inferior, a carón dos prados da sega, sitúanse os soutos de castiñeiros. Estes deixan lugar pouco a pouco ás masas de carballos. Máis arriba aparecen os acivros e as faias misturados con teixos. Na parte máis alta da devesa está a Fonte do Cervo na que brotan dous mananciais: un de augas ferruxinosas e outro de auga cristalina e calcaria.

Son tamén dunha grande importancia botánica e dunha extraordinaria fermosura paisaxística as devesas de Paderne, Romeor e Fontefermosa. Hai que recordar que no Courel están presentes o 80% das especies vexetais de Galicia.



A cultura castrexa

Toda a serra do Courel está ategada de castros. Os máis coñecidos son os de Vilar e Sobredo, sobre os que se teñen feito traballos de recuperación, pero tamén son importantes os de Cido, Brio, Seceda, Mogoxe, Romeor e moitos outros. A orografía da serra fai destes asentamentos, lugares case innaccesíbeis pero estratexicamente ben situados, de fácil defensa e desde onde se dominaban amplas vistas.

Adoitaban estar protexidos por unha ou máis murallas e foxos que no caso do castro de Sobredo é un dos máis espectaculares do Courel con 16 metros de profundidade nalgúns puntos e tallado en pedra viva.

O castro de Sobredo é un exemplo de castro preexistente que foi adaptado o seu uso en relación a minería romana exercendo un control sobre o territorio e as rutas de exportación dos metais. A súa ocupación vai desde o século II a.C ao IV d.C. O castro é tamén coñecido como o castro da Torre. O castro de monte Cido encóntrase tamén nunha posición estratéxica de primeira orde no alto Courel. Cunha cota que supera os 1000 metros de altitude conta cunha forte pendente que lle serve de defensa natural. Entre os restos atopados destaca a chamada Tésera da Hospitalidade, unha placa de bronce do ano 28 da nosa era cunha inscrición que semella un tratado de amizade entre castrexos e romanos.









REPERCUSIÓN: COMENTARIOS NO BLOG

- Gustoume moito a viaxe. Tiña paisaxes moi verdes e fermosos que gardaban, cada un, unha historia. Foi moi interesante.(Laura)
- O Courel parece que está nunha pompa se xabron.É tan bonito!!!
Encantoume a visita ao castro;coas montañas altas, a moitos metros do chan...Buf!!Coma estar na gloria.
Os poemas de Uxío que lemos nos distintos lugares parecían estar escritos con palabras máxicas.
Espero volver pronto a ese universo paralelo ao noso, pero totalmente diferente.
UN SAÚDO
VERA
- "Impresionante". Esta foi a primeira palabra que chegou á miña mente cando me atopei rodeada desa natureza verde e intimidante da que gozamos na viaxe ao Courel. Foi increíble ler os versos de Novoneyra ante a terra que os inspirou.
Unha viaxe inesquecible e moi amena que espero repetir nalgún momento da miña vida.
Por certo... creo que é importante dicir que este ambiente da Galicia profunda espertou nos corazóns de certos alumnos de 4º (nos que me inclúo)a iniciativa de falar galego. Dende ese día, un grupiño que vai en aumento estamos falando en galego entre nós sempre que podemos, coa intención de rexurdir o uso da nosa lingua na mocidade e converternos nun exemplo a seguir.
Saúdos
INÉS
- Eu tamén quero ir ao Courel, aínda que me fagades ler en alto diante de todos. Avante toda! (Luca)
- Que mágoa non ter ido! Que idea tan estupenda, e que éxito de viaxe. Os comentarios son realmente emocionantes!(Mar)
- Son Sole, ex-alumna do instituto e alégame ver como a biblioteca segue tan activa como o ano pasado. Son moitas as actividades que se organizan e a participación dos alumnos así como o grande esforzo e traballo de Benigno son salientables.Recordo con nostalxia aquelas reunións da biblioteca e todos aqueles concursos tan divertidos.
Espero que en anos futuros entre todos consigamos mellorar se é xa posible a nosa biblioteca.

CONCLUSIÓN

- Buscamos a implicación do alumnado, o encontro e o gusto pola lectura para vivila, compartila e comentalala. Pretendemos que se atopen a gusto coa literatura e que a través dela xurda un clima de cordialidade e de gusto pola lectura e pola cultura en xeral.
- Todas as actividades realizadas contribuíron a crear este clima e a implicar a cada vez máis alumnado e profesorado.
- Sabemos isto polo que percibimos, pero fundamentalmente polas seguintes afirmacións dos membros máis antigos do club cando se lles preguntou polos beneficios que supón para eles realizar estas actividades:
 - “Gústanme as orientacións de lectura que nos dan, que doutro xeito non tería”
 - “Penso que adquiero unha cultura literaria que outros non teñen”
 - “Atópome xente que ten curiosidade por saber, aínda que discrepe”
 - “Ao comentar a lectura con outras persoas encontras outros aspectos que lendo para min soa estarían ocultos”
 - “Penso que non temos que sentirnos raros e que debemos reivindicarnos”
 - “Se non fose polas actividades que facía a biblioteca, nunca me metería no club de lectura”
 - “Paréceme interesante non só falar de literatura”